

DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO NA SINATURA DO CONVENIO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "CARBALLO INCLUSIVO-REMODELACIÓN DA PRAZA DE VIGO NA VILA DE CARBALLO"

ANTECEDENTES DE FEITO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de data luns 28/04/2025 adoptou, entre outros, o acordo relativo a aprobación do proxecto "Carballo inclusivo-remodelación da praza de Vigo na Vila de Carballo" e solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña (expediente 2025/U039/000006).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúelle ao alcalde a competencia para representar ao concello.

A delegación de competencias específicas en calquera concelleiro ou concelleira por parte da Alcaldía regúlase nos artigos 23.4 da LRBRL e artigo 13 do Regulamento orgánico municipal do concello de Carballo (BOP número 174 do 12/09/2025).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) Delegar no concelleiro Juan Manuel Seoane Collazo, concelleiro delegado da Área de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade, a atribución de representar ao Concello de Carballo na sinatura do convenio de subvención nominativa coa Deputación Provincial da Coruña, para o cofinanciamento do proxecto de obra "Carballo inclusivo-remodelación da praza de Vigo na Vila de Carballo".

2º) Notificar este decreto ao concelleiro indicado no prazo de dez días hábiles dende a súa data.

3º) Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico, de acordo co previsto no artigo 14.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Carballo.

4º) Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre consonte ao previsto na normativa vixente.

Carballo, na data da sinatura dixital

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales